



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfn:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 1 de 1

Revisado

21-12-2023





CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Pág. 2 de 29

INDICE DE CONTIDOS

1. COMISIÓN DE AUTOPROTECCIÓN ESCOLAR	4
DATOS DO CENTRO	5
2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA.	6
3. INSTALACIÓNS XERAIS CON RISCO	7
4. INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN	8
5. DESCRICIÓN DO CENTRO	9
A planta baixa.....	9
A primeira planta.....	10
A segunda planta.....	12
6. AVALIACIÓN DE RISCOS	14
Cadro de instalacións que poden xerar unha emerxencia.....	14
7. EQUIPOS.....	15
As funcións dos equipos son as seguintes.....	16
8. MEDIDAS DE PROTECCIÓN.....	17
MEDIOS DISPONIBLES:	17
Medios de extinción de incendios:.....	17
Equipos de material de primeira intervención.....	17
9. DIRECTORIO TELEFÓNICO.....	18
10. DESEÑO DE EVACUACIÓN.....	19
No caso de accidente ou emerxencia:.....	21
O Xefe de Intervención e Emerxencia terá que:.....	21
No caso de emerxencia:.....	21



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Pág. 3 de 29

O equipo de alarma e evacuación.....	21
No caso de accidente:.....	21
O Equipo de Detección e Alerta (profesores):.....	21
No caso de que se detecte un incendio:.....	22
O Xefe de Intervención e Emerxencia; ten que.....	22
O Equipo de Primeira Intervención:.....	22
O Equipo de Primeiros Auxilios:.....	23
O Equipo de Evacuación de Planta:.....	23
O Equipo de Detección e Alerta (Profesores):.....	23
Os Telefonistas:.....	24
No caso de que soe a alarma de evacuación:.....	24
O Equipo de Alarma e Evacuación.....	24
No caso de que soe a alarma.....	25
O Equipo de Alarma e Evacuación:.....	25
11. PLANOS DEL CENTRO.....	25
12. OPERATIVIDADE DO PLAN.....	26
13. IMPLANTACIÓN DO PLAN.....	28
14. ANEXOS.....	29



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Pág. 4 de 29

1. Comisión de Autoprotección Escolar

A Comisión de Autoprotección Escolar, creada o 08 de setembro de 2023, ten como obxectivo principal a redacción do plan de autoprotección, así como a súa mellora e mantemento.

A Comisión está composta por:

- Dona Tania M^a Ruanova Suárez. **directora do centro.**
- Don Carlos Alberto Bacelo López ,dona María José Ruán Serantes. Don Antonio Cebreiro Melero e dona Luisa de Marillac Sánchez **representantes do persoal docente.**
- Dona Victoria de los Ángeles Moreira Castro. **representante do persoal non docente.**
- Don María Teresa Testa Rodríguez. **representantes das Familias.**
- Dona Rosa Ana García López **representante do Concello.**



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 5 de 29

Datos do centro

O Centro CPI de Atios, código 15018148, está situado na rúa San Sadurniño nº 33 do Concello de Valdoviño, na provincia de A Coruña e número de teléfono 881-938-107, e correo electrónico cpi.atios@edu.xunta.gal.

O número de traballadores é de 50 mestres e 8 de PND. O número de alumnos é de 502 repartidos entre os alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

O CPI de Atios consta dun edificio de 10 m de altura (tres plantas) e un ximnasio con ocupación só para actividades educativas.

As vías públicas que delimitan o centro son a rúa de San Sadurniño de 8 m de ancho, dotada de beirarrúa e beiravía nas dúas beiras e dous sentidos de circulación para vehículos, e a rúa do camiño do campo de fútbol de 5m de ancho, sen beirarrúa e sen beiravía e un sentido de circulación.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 6 de 29

2. Situación Xeográfica.

A superficie do soar é de aproximadamente 10.000 m² mentres que a superficie dos edificios é de aproximadamente 3800 m², repartidos nun edificio dedicado á docencia que foi remodelado e ampliado, dous patios cubertos, un ximnasio e ademais conta cun campo de fútbol próximo do Concello.

O centro sitúase na zona alta de “O Graño”, na ladeira da montaña con vistas á Lagoa da Frouxeira (espazo natural protexido), afastado do centro urbano e preto do Centro de Saúde e da Casa da Cultura do Concello de Valdoviño.

En canto a metereoloxía, son dominantes os ventos do nordés que moitas veces veñen acompañados de choivas de maior ou menor intensidade. Debido á proximidade ó mar, non se recollen precipitacións abundantes en forma de neve, con todo a pluviosidade é considerable durante todo o ano.



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Pág. 7 de 29

3. Instalacións xerais con risco

Dentro das instalacións xerais con risco temos que destacar: RISCO ALTO

- 2 Salas de calefaccións cunha enerxía de 380 v.
- 1 Depósito de combustible para as caldeiras, soterrado no chan.

RISCO MEDIO

- 1 Laboratorio de Ciencias cunha enerxía de 220 v
- 1 Cociña cunha enerxía de 380 v, e con sistema de queimadores de gas.
- 1 Cafetería – bar.
- 1 Taller de Tecnoloxía cunha enerxía de 220 v
- 1 Biblioteca con equipos informáticos e audiovisuais.
- 2 Almacéns de arquivo

RISCO BAIXO

- 1 Taller de Plástica cunha enerxía de 220 v.
- 1 Aula de informática cunha enerxía de 220 v.
- 1 Comedor



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 8 de 29

4. Instalacións de Protección

No que respecta ás instalacións de protección o edificio consta de:

- Alarma
- Teléfono interior
- Teléfono exterior
- Sirena - Timbre
- Interruptores e cadros de protección eléctrica
- Extintores
- Iluminación de emerxencia en portas, corredores e escaleiras.

Con todo hai que salientar a ausencia de detección automática, megafonía, así como bocas de incendio.



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 9 de 29

5. Descripción do centro

O edificio consta de tres plantas cunha superficie media de 1330 m² e cunha resistencia ó lume de 120 minutos.

Existen tres accesos ó soar de 13,20 m (sumando os seus anchos) e opostos entres si, mentres que hai oito accesos ó edificio tamén opostos entres si que suman de ancho 14 m.

A planta baixa

A planta baixa ten unha superficie de aproximadamente 1030 m²

Esta planta conta con dous patios cubertos e o acceso á cafetería do centro e salas de caldeiras (da zona nova e da zona vella).

Actividades	Superficie	Ocupación máxima	Risco
Comedor	180	200	BAIXO
6 aulas de Educación Infantil	200	50	BAIXO
6 aulas de Educación Primaria	300	75	BAIXO
1 Despacho	50	5	BAIXO
1 aula de música de EP	38	25	BAIXO
1 aula de inglés de EP	45	25	BAIXO
1 aula de polos creativos	40	25	BAIXO
Servicios Aseos	70	15	BAIXO
Conserxería	7	2	BAIXO
Cafetería e almacén	60	25	BAIXO
Acceso á sala de caldeiras (zona vella)	10	2	ALTO



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 10 de 29

Sala de Caldeiras (zona nova)	10	2	ALTO
-------------------------------	----	---	------

Na planta baixa atópanse 6 saídas ó exterior con polo menos dúas saídas opostas entre si, apertura con sentido de evacuación e cunha suma de anchos de 11 m.

A primeira planta

A primeira planta ten unha superficie de aproximadamente 1030 m².

Esta planta conta con tres escaleiras de acceso os patios cubertos e a saída exterior.

Actividades	Superficie	Ocupación máxima	Risco
Laboratorio de Ciencias Naturais	50	30	MEDIO
Taller de Plástica	50	30	BAIXO
Taller de Tecnoloxía	100	30	BAIXO
1 aula de desdobre de EP	30	20	BAIXO
1 sala de pais/nais	10	25	BAIXO
1 aula de AL	11	3	BAIXO
1 aula de PT de EP	11	6	BAIXO
1 aula da ESO	61	30	BAIXO



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 11 de 29

6 aulas de EP	363	25	BAIXO
1 aula de inglés de EP	61	25	BAIXO
4 despachos	170	35	BAIXO
Servicios e aseos	65	20	BAIXO
1 aula de PDC	19	6	BAIXO



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 12 de 29

A segunda planta

A segunda planta ten unha superficie de aproximadamente 1030 m².

Esta planta conta con tres escaleiras de acceso ós patios cubertos e a saída exterior con polo menos dúas opostas entres si e cunha suma de anchos de 6 m.

Actividades	Superficie	Ocupación máxima	Risco
Biblioteca	100	100	MEDIO
Laboratorio de Idiomas	50	30	BAIXO
Aula de Música	50	30	BAIXO
Sala do profesorado	60	30	BAIXO
8 aulas de ESO	488	30	BAIXO
1 departamento de XH e Relixión	10	4	BAIXO
1 aula de PT da ESO	11	4	BAIXO
1 departamento de orientación	15	6	BAIXO
1 aula de motóricos	26	6	BAIXO
1 aula de desdobre da ESO	30	20	BAIXO



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 13 de 29

1 aula de desdobre da ESO	20	12	BAIXO
Servicios	65	20	BAIXO



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 14 de 29

6. Avaliación de riscos

Considerando o número de alumnos do centro (menos de 1000) e a altura das instalacións e do edificio (ata 10 m), o centro pode ser avaliado de forma xeral cun nivel de risco BAIXO.

Cadro de instalacións que poden xerar unha emerxencia.

Instalación	Si/Non	Localización	Observacións
Calefacción Zona vella	Si	Soto debaixo da escaleira principal	380 V ó fondo dunha escaleira
Calefacción Zona nova	Si	Almacén detrás da cafetería	380 V saída o exterior
Instalación eléctrica	Non	En cada planta, cadro de control e protección. O cadro xeral está situado na entrada de profesores.	Todos teñen tapa, agás o xeral que vai descuberto
Instalación de cociña e queimadores de gas	Si	Ó lado do comedor	As bombonas de gas están na cara exterior da cociña, cara o aparcadoiro.
Instalacións de combustible das caldeiras	Si	Debaixo do chan, na parte alta do aparcadoiro.	Acceso por arqueta.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 15 de 29

7. Equipos

No centro hai un Xefe de Intervención e Emerxencia (XIE) que é:

- Dona Tania M^a Ruanova Suárez
- E o suplente Antonio Cebreiro Melero

Un Equipo de Primeira Intervención (EPI) onde os responsables son:

- Na planta baixa, o persoal docente ou non docente da planta baixa.
- Na primeira planta, o persoal docente ou non docente da primeira planta.
- Na segunda planta, o persoal docente da segunda planta.

Un Equipo de Primeiros Auxilios (EPA) formado por:

- Dona Tania M^a Ruanova Suárez.
- Don Carlos Alberto Bacelo López.

Un Equipo de Alarma e Evacuación (EAE) que somos todos os ocupantes do centro.

E finalmente un Equipo de Evacuación de Planta (EEP), os responsables son:

- Na planta baixa, o persoal docente ou non docente das aulas.
- Na primeira planta, o persoal docente ou non docente das aulas.
- Na segunda planta, o persoal docente das aulas.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 16 de 29

As funcións dos equipos son as seguintes:

XIE: Valorar a gravidade da emerxencia; alertar e coordinar os equipos de intervención; decidir a evacuación; alertar, recibir e informar as axudas externas e ordenar a fin da emerxencia.

EPI: Extinguir os conatos de incendio e axudar, se cómpre, ós recursos externos.

EPA: Prestarlles primeiros auxilios ós lesionados e acompañalos ó centro médico.

EAE: Garantir a alarma e asegurar unha evacuación ordenada.

EEP: Garantir a evacuación en cada planta e asegurar a evacuación de todos os ocupantes.



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 17 de 29

8. MEDIDAS DE PROTECCIÓN

MEDIOS DISPONIBLES:

Medios de extinción de incendios:

Extintores localizados segundo planos anexos, cada un dos mesmos posúe unha folia de seguimento, onde se reflictan as datas de revisión a localización exacta de cada un, a composición e o peso.

Sistema de aviso de alarma, mediante un timbre situado na planta baixa o lado de conserxería, que debe ser accionado tres veces consecutivas, en tons de corta duración. Segundo planos anexos. Esta alarma pode ser escoitada en todo o centro, gracias ó reparto de timbres polos diferentes andares e zonas.

Equipos de material de primeira intervención.

Caixas de primeiros auxilios: Localizados en dirección (primeira planta), na sala de profesorado (segunda planta) e en cada un dos diferentes talleres e laboratorios do centro (Ciencias, Educación Plástica e Tecnoloxía, na primeira planta). Segundo plano anexo.

Chaveiros: Localízanse os chaveiros cas chaves dos despachos, aulas, laboratorios e talleres en dirección (despacho directora e despacho secretario).

Como consello, e para prever calquera labor simple de rescate, aconséllase un megáfono portátil e escaleira visible.



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 18 de 29

9. DIRECTORIO TELEFÓNICO

Para colocar nos teléfonos de acceso ó exterior, na entrada, en conserxería, en dirección (todos os despachos) e na sala de profesorado.

DIRECTORIO TELEFÓNICO

EMERXENCIA SOS GALICIA	112
POLICÍA LOCAL	630 871 729
POLICÍA NACIONAL	091
CONCELLO	981 487 041
BOMBEIROS	080
PROTECCIÓN CIVIL	639 107 671
GARDA CIVIL	981 486 104
CENTRO DE SAÚDE	981 487 558
URXENCIAS SANITARIAS	061



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 19 de 29

DESEÑO DE EVACUACIÓN

Os que se mostran nos planos das diferentes plantas, segundo localización no edificio.

Os alumnos de Educación Infantil deberán ser concentrados na marca de **Punto de encontro de Educación Infantil**, situado na **pista polideportiva exterior**. So no caso de que estes alumnos estean utilizando as aulas de informática ou a Biblioteca na segunda planta, estes deben dirixirse de xeito controlado polo corredor ata a porta de emerxencia do fondo do corredor e unha vez nos patios do centro dirixirse polo exterior ata o punto de encontro de infantil acompañados polos seus profesores, ata o aparcadoiro das familias.

Os alumnos de Educación Primaria da planta baixa sairán ó patio cuberto polas entradas e saídas dispostas por proximidade da súa aula e concentraranse no **Punto de encontro de Educación Primaria** situado **na pista polideportiva exterior**. Os alumnos de educación primaria que saian da primeira planta baixarán polas escaleiras de acceso ó patio cuberto e tamén concentraranse no mesmo punto de encontro. Os alumnos de Educación Primaria, que se atopen nas aulas da segunda planta (Aula de música, informática ou biblioteca) deberán proceder a súa evacuación pola escaleira do fondo do corredor e unha vez abaixo dirixirse ó punto de encontro cos seus compañeiros.

O **punto de encontro de Educación Secundaria** está situado **na pista polideportiva**. No caso dos alumnos de Educación Secundaria que se encontren nas súas aulas da segunda planta baixarán polas escaleiras centrais ata o patio da cafetería e se dirixirán o punto de encontro de Educación Secundaria. Os alumnos deste nivel que se atopen na primeira planta (Aulas de plástica, tecnoloxía e ciencias), deberán dirixirse pola escaleira do fondo de corredor o punto de encontro de Educación Secundaria. Así mesmo, os alumnos que estean na segunda planta pero na parte do edificio máis nova,



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 20 de 29

(Aulas de música, informática ou biblioteca) sairán pola escaleira do fondo do corredor ata chegar ó punto de encontro.

O **alumnado con problemas de mobilidade** será evacuado seguindo estas instrucións:

1.- **Dende a planta baixa**; a persoa responsable do alumnado con problemas de mobilidade se dirixirá a **pista polideportiva** pola **porta que da ao patio da cafetería**.

2.- **Dende a primeira planta**; a persoa responsable do alumnado con problemas de mobilidade se dirixirá polo corredor do laboratorio ata a **saída situada preto da casa do conserxe**. Punto onde a persoa responsable do alumnado con problemas de mobilidade recibirá axuda para evacuar ao alumno/a por parte do responsable de planta e do conserxe. Logo deben ir cara o punto de encontro correspondente..

3.- **Dende a segunda planta**; a persoa responsable do alumnado con problemas de mobilidade se dirixirá polo corredor da biblioteca ata a **saída situada preto da casa do conserxe**. Punto onde a persoa responsable do alumnado con problemas de mobilidade recibirá axuda para evacuar ao alumno/a por parte do responsable de planta e do conserxe. Logo deben ir cara o punto de encontro correspondente.

No caso de corte do subministro eléctrico as vías de evacuación están debidamente iluminadas.

No caso dos alumnos e monitores das actividades extraescolares seguirán as directrices xerais marcadas para cada un dos espazos que ocupen nese intre coa condición que terán un único punto de encontro que será o **Punto de encontro de Educación Secundaria**. No caso de corte de subministro eléctrico as vías de evacuación están debidamente iluminadas.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 21 de 29

No caso de accidente ou emerxencia:

O Xefe de Intervención e Emerxencia terá que:

- Atender ó ferido.
- Ordenar que se avise ó equipo de primeiros auxilios.
- Requirir o transporte e ordenar o traslado do ferido a un centro sanitario, se fose necesario, previo informe do equipo de primeiros auxilios.
- Avisar e informar do suceso ós familiares directos dos feridos.

No caso de emerxencia: O Equipo de alarma e evacuación:

- Intentará solucionala.
- Informará o XIE.
- Fará soar a alarma tres veces se o XIE o ordena.
- Retornará ó seu posto

No caso de accidente:

O Equipo de Detección e Alerta (profesores):

- Prestar asistencia ós feridos.
- Alertar ós EPA.
- Darlle parte ó XIE.
- Equipo de Alarma e Evacuación:
- Comunicarllo ó responsable máis próximo.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 22 de 29

- Retornar rapidamente á súa dependencia.

No caso de que se detecte un incendio:

O Xefe de Intervención e Emerxencia, ten que:

- Recibir a información e valorar o risco.
- Ordenar que se emita o sinal de alarma.
- Ordenar a primeira intervención.
- Saír a recibir e informar ás axudas externas.
- Indicarlles o tempo transcorrido, a situación...
- Ordenar a evacuación.
- Colaborar na dirección do control da emerxencia.
- Recibir información dos grupos de alarma, primeira intervención e evacuación.
- Redactar un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia.

O Equipo de Primeira Intervención:

- Coller os equipos de primeira intervención.
- Intentar apagar o lume.
- Informar ó XIE e agardar as súas ordes.
- Colaborar en caso necesario, coa axuda externa na extinción.



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 23 de 29

O Equipo de Primeiros Auxilios:

- Prestar asistencia ó ferido.
- Avaliar a lesión e informar dela ó XIE.
- Preparar o traslado do ferido.
- Acompañar ó ferido ó centro sanitario.
- Redactar un informe das causas, proceso e consecuencias.

O Equipo de Evacuación de Planta:

- Designar a vía ou vías de evacuación segundo a emerxencia e as ordes do XIE.
- Dar as ordes para a quenda de saída.
- Verificar que non quede ninguén.
- Verificar que as fiestras e portas estean pechadas.
- Evacuar a planta no último lugar.
- Unha vez acabada a evacuación da planta darlle parte o XIE.

O Equipo de Detección e Alerta (profesores):

- Intentar a extinción do lume.
- Comunicar o incendio ó XIE.
- Retornar ó seu posto.
- Esperar orde de evacuación.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 24 de 29

Os Conserxes:

- Facer soar a alarma tres veces en toques cunha duración de cinco segundos.

No caso de que soe a alarma de evacuación:

O Equipo de Alarma e Evacuación:

- Indicarlles ós ocupantes que manteñan a orde.
- Controlar que non recollan ningún obxecto persoal.
- Formar dúas ringleiras nos laterais da habitación.
- Esperar á orde de saída do Xefe de Planta.
- Pechar todas as fiestras.
- Comezar a evacuación na orde indicada e segundo a vía fixada.
- En caso de fume, a evacuación realizarase a rentes do chan.
- Unha vez evacuados todos os ocupantes, saír en último lugar e pechar a porta.
- Dirixirse ó lugar de concentración fixado.
- Realizar o control de ocupantes.
- Informar ó Xefe de Planta.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 25 de 29

No caso de que soe a alarma.

O Equipo de Alarma e Evacuación:

- Manter a orde.
- Atender ás indicacións do responsable de planta.
- Non demorarse para recoller obxectos persoais.
- Saír ordenadamente e sen correr.
- Non falar durante a evacuación.
- Permanecer no punto de reunión en proximidade do responsable de planta.

11. PLANOS DO CENTRO

- Planos de evacuación das distintas plantas en formato A-4

Na carpeta chamada “PLANOS” están recollidos todos os planos de evacuación



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

Plan de autoprotección escolar

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 26 de 29

12. Operatividade do plan

O Plan de autoprotección escolar do centro CPI Atios de Valdoviño redactouse no curso 2003/2004, quedando pendente da aprobación do borrador con data 30 de xuño de 2004.

Preséntase o día 1 de decembro de 2004 a primeira revisión do borrador.

Presentase o día 18 de maio de 2006 a segunda revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 30 de xaneiro de 2008 a terceira revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 01 de decembro de 2009 a cuarta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 01 de decembro de 2010 a quinta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 01 de decembro de 2011 a sexta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 01 de decembro de 2012 a sétima revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro

Preséntase o día 01 de decembro de 2013 a oitava revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 01 de decembro de 2014 a novena revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 26 de xaneiro de 2016 a décima revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro

Preséntase o día 17 de xaneiro de 2017 a undécima revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro

Preséntase o día 14 de xaneiro de 2018 a décimosegunda revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 27 de 29

Preséntase o día 24 de xaneiro de 2019 a décimotercera revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 28 de xaneiro de 2020 a décimocuarta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 26 de xaneiro de 2021 a décimoquinta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 25 de xaneiro de 2021 a décimoquinta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 24 de xaneiro de 2022 a décimosexta revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.

Preséntase o día 24 de xaneiro de 2023 a décimoseptima revisión e é aprobada pola comisión de autoprotección do centro.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 28 de 29

13. Implantación do plan

O plan xa implantado terá dous obxectivos prioritarios:

- Lograr que o alumnado e profesorado adquira os coñecementos, hábitos e destrezas relacionados coa autoprotección.
- Conseguir que o alumnado e o profesorado coñeza e se familiarice co plan de emerxencia e evacuación do centro.

ACTUACIÓNS

- **Formación do profesorado:**

- Charlas informativas nas reunións de CCP e en algún claustro puntual sobre os documentos que lles competen no procedemento de prevención e tratamento de emerxencias e no Plan de autoprotección escolar.

- **Formación do alumnado:**

- Charlas informativas nas titorías sobre o Plan de autoprotección escolar e as consignas a seguir durante unha evacuación.
- Charlas informativas do grupo de Protección Civil do Concello de Valdoviño / Bombeiros para os rapaces do centro.
- Clases teórico-prácticas na materia de Educación Física sobre primeiros auxilios (primaria e secundaria).

- **Simulacro de accidente** de acordo coas instrucións contidas "*Instrucións para realiza-lo simulacro*" Este simulacro terá lugar preferentemente no segundo trimestre do curso tendo como data límite para a súa realización o 21 de xuño de 2024.



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.gal
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Plan de autoprotección escolar

DOCUMENTO AUTOPROTECCIÓN

REVISADO

Data: 21/12/23

Páx. 29 de 29

14. ANEXOS

- Ficha de extintor (Total 13 fichas, unha por extintor do centro).
- Plano individualizado de cada estancia do centro para o plan de evacuación.